



PROXECTO RETALER

REDE TRANSFRONTEIRIZA DE AUTORIDADES LOCAIS EN ENERXÍAS RENOVABLES

ANEXO III. MODELOS DE ORDENANZA



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DE OURENSE

ESTE PROXECTO ESTÁ COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER)



A normativa en materia de ordenación da edificación ten como fin, entre outros, garanti-la seguridade das persoas, o benestar da sociedade, a sustentabilidade da edificación e a protección do medio ambiente.

Estas ordenanzas tratan de xuntar esforzos para mellora-la situación enerxética dos concellos, tentando conseguirla redución do consumo de combustibles fósiles e enerxía eléctrica. Preténdese, polo tanto, o fomento dun maior aforro enerxético e a implantación de sistemas de alta eficiencia enerxética na xeración de auga quente, nos edificios de nova construción ou nas reformas de certos inmobles.

Esta iniciativa xorde no compromiso de avanzar no crecemento socioeconómico dos concellos con criterios de eficiencia enerxética, obtendo como consecuencia, o aforro económico derivado do aforro enerxético.

Agardamos que esta publicación sexa útil para os seus destinatarios e que contribúa a facer un mundo máis limpo e sostible.

JOSÉ LUIS BALTAR PUMAR

Presidente da Deputación de Ourense



III.1. ORDENANZA MUNICIPAL TIPO 1. CUALIFICACIÓN ENERXÉTICA

Exposición de motivos

O reto da sostibilidade esixe a tódolos axentes sociais un compromiso que contribúa ó avance na sensibilización social. Os municipios teñen capacidade de liderado para promover procesos de cambio nos modos de utilización da enerxía dende a perspectiva da sostibilidade e do respecto ambiental e por isto promoveuse a elaboración desta ordenanza.

A enerxía é un recurso escaso e valioso que utilizamos todos a diario nas distintas actividades que desenvolvamos. Consumimos enerxía para transporte, para obter forza motriz para os procesos produtivos ou para alcanza-lo nivel de confort e calidade, térmico e lumínico, requirido nas nosas vivendas e lugares de traballo.

A demanda enerxética crece cada ano, cuantitativa e cualitativamente, e o aumento da dispoñibilidade de enerxía que comporta implica sempre un significativo impacto ambiental que se produce tanto a escala local como global: o quentamento do planeta, o cambio climático, a desertización, as inundacións, os residuos, as emisións contaminantes, son problemas que nos afectan a todos. Parece inviable evitar totalmente os impactos ambientais, pero si podemos e debemos minimizalos significativamente promovendo o aforro enerxético, a utilización de tecnoloxías e sistemas cada vez máis eficientes e substituíndo na medida do posible as fontes de produción convencionais por enerxías renovables.

A Directiva 2002/91/CE, relativa á eficiencia enerxética dos edificios, supuxo un importante punto de inflexión neste campo, ó introducir requisitos mínimos de eficiencia enerxética e certificación enerxética de edificios.



A súa transposición á normativa de edificación levouse a cabo mediante tres reais decretos: o Código técnico da edificación (CTE), aprobado polo Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, modificado polo Real decreto 1371/2007, do 19 de outubro, a revisión do Regulamento de instalacións térmicas da edificación (RITE), aprobado polo Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, e a certificación enerxética dos edificios, aprobado polo Real decreto 47/2007, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o Procedemento básico para a certificación de eficiencia enerxética de edificios de nova construción. O Decreto 42/2009, do 21 de xaneiro, regula a certificación enerxética de edificios de nova construción na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde 03/09/2009, desenvolve o procedemento, a organización e o funcionamento do Rexistro de Certificados de Eficiencia enerxética de edificios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Coa entrada en vigor do Protocolo de Kyoto, España adquiriu un compromiso internacional para a limitación dos gases de efecto invernadoiro (GEI) de modo que o termo medio de emisións destes no período 2008-2012 non deberá superar en máis dun 15% as do ano base, 1990.

As administracións públicas realizaron importantes esforzos encamiñados a lograr un uso máis racional da enerxía. Ademais de contribuír á protección do ambiente, as accións en materia do aforro, a diversificación e o uso eficiente da enerxía representan un modo eficaz de reduci-los custos enerxéticos nos nosos edificios, sen diminuí-lo nivel de confort.

A normativa vixente en España antes citada enmárcase no plan de acción da estratexia de aforro e eficiencia enerxética, e no desenvolvemento da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, e ten como fin garanti-la seguridade das persoas, o benestar da sociedade, a sostibilidade da edificación e a protección do ambiente e supón a modernización do marco normativo da edificación en España e implica-la homologación do noso país cos países máis avanzados atendendo ós obxectivos da Unión Europea (UE) nesta materia.



O V Programa de acción das Comunidades Europeas en materia de ambiente cara a un desenvolvemento sostible constata, na súa declaración de principios, que moitas das formas actuais de actividade e desenvolvemento non son sostibles desde un punto de vista ambiental. Apróbase o obxectivo xeral de orientar progresivamente a actividade humana e o desenvolvemento cara a formas sostibles, aceptando que a súa consecución presupón cambiar de forma significativa as pautas de desenvolvemento de produción, consumo e comportamento.

En España está vixente a Estratexia E4 para o período 2008-2012 do Plan de aforro e eficiencia enerxética, aprobado en Consello de Ministros no ano 2008 polo que se pretende aforra-lo equivalente ó 10 por 100 das importacións de petróleo de España.

Para a consecución dalgúns dos obxectivos presentados en toda esta planificación, é preciso a intervención dos concellos que, no exercicio das súas competencias e como resultado do seu maior achegamento e coñecemento da realidade cidadá, promovan, no ámbito das súas competencias, a utilización eficiente da enerxía, por medio de ordenanzas municipais e plans urbanísticos. É vontade política do Concello de -----, comprometerse a desenvolver unha estratexia encamiñada a conseguir mellora-la eficiencia das edificacións e impulsa-la construción máis sostible.

Unha vez considerado o actual marco normativo, o Concello de -- ----- con base nos artigos 4.1.a), 25.1, 25.2, 25.3 e 84.1.a), da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime laboral (LRBRL), elaborou esta ordenanza co obxecto de contribuír responsablemente no cumprimento dos obxectivos establecidos.

Esta ordenanza trata de unir esforzos para mellora-la situación enerxética do concello, así como a protección ambiental, e xorde do compromiso de avanzar no crecemento socioeconómico do concello, con criterios de sostibilidade.



Artigo I: Obxecto

O obxecto desta ordenanza é regular, co fin de mellora-lo ambiente, a cualificación enerxética dos edificios e construcións no termo municipal de -----.

Artigo II: Finalidade

A finalidade desta ordenanza é:

1. Definir uns requisitos mínimos de eficiencia enerxética na edificación.
2. Reducir a límites sostibles as necesidades enerxéticas na edificación, sen menoscabo do grao de confort dos usuarios.
3. Reduci-lo consumo de combustibles fósiles e/ou enerxía eléctrica, e polo tanto, redución das emisións de gases de efecto invernadoiro.

Artigo III: Ámbito

1. Esta ordenanza será de aplicación ós edificios no ámbito do concello, cando se trate de:
 - a. Edificios de nova construción.
 - b. Modificacións, reformas ou rehabilitacións de edificios existentes, cunha superficie útil superior a 1.000 m² onde se renove máis do 25% do total dos seus cerramentos.
2. Exclúense do ámbito de aplicación:
 - a. Aquelas edificacións que polas súas características de utilización deban permanecer abertas.
 - b. Edificios e monumentos protexidos por ser parte dun contorno declarado ou en razón do seu particular valor arquitectónico ou histórico, cando o cumprimento de tales esixencias poidan alterar de forma inaceptable o seu carácter ou aspecto.



- c. Edificios utilizados como lugares de culto e para actividades relixiosas.
- d. Construcións provisionais cun prazo previsto de utilización igual ou inferior a dous anos.
- e. Edificios industriais e agrícolas, na parte destinada a talleres, procesos industriais e agrícolas non residenciais.
- f. Edificios illados cunha superficie total inferior a 50 m² útiles.
- g. Edificios de sinxeleza técnica e de escasa entidade construtiva que non teñan carácter residencial ou público, xa sexa de forma eventual ou permanente, que se desenvolvan nunha soa planta e non afecten á seguridade das persoas.

Artigo IV: Obrigas dos suxeitos responsables

1. As normas expresadas nesta ordenanza serán de obrigado cumprimento para os promotores, públicos ou privados, proxectistas e directores facultativos, que realicen todo tipo de edificios enmarcados dentro do seu ámbito de aplicación.
2. O promotor terá a obrigaón de:
 - a. Incorpora-lo certificado de eficiencia enerxética do proxecto debidamente rexistrado no Rexistro de Certificación de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia ó proxecto de execución.
 - b. Incorpora-lo certificado de eficiencia enerxética do edificio terminado, debidamente rexistrado no libro del edificio.
3. O proxectista do edificio ou do proxecto parcial das súas instalacións térmicas terá a obriga de:
 - a. Xustifica-la cualificación de eficiencia enerxética do proxecto.
 - b. Subscribi-lo certificado de eficiencia enerxética do proxecto.



4. A dirección facultativa terá a obriga de:

a. Xustifica-la cualificación de eficiencia enerxética do edificio terminado.

b. Subscribi-lo certificado de eficiencia enerxética do edificio terminado.

5. Incluir un anexo específico, no cal se faga mención expresa do cumprimento íntegro das disposicións do Decreto 42/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a certificación enerxética de edificios de nova construción na Comunidade Autónoma de Galicia, no certificado final de obra.

Artigo V: Certificación de eficiencia enerxética

1. A cualificación enerxética da edificación quedará expresada nos certificados de eficiencia enerxética de proxecto e edificio terminado.

2. A cualificación enerxética realizarase seguindo os procedementos establecidos no Real decreto 47/2007, do 19 de xaneiro, "Procedemento básico de certificación enerxética de edificios de nova construción", nos documentos recoñecidos de certificación enerxética de edificios e o Decreto 42/2009, do 21 de xaneiro.

3. A certificación enerxética dos edificios incluídos no ámbito da aplicación desta ordenanza realizarase de acordo coas consideracións que figuran no Decreto 42/2009, do 21 de xaneiro, e os seus anexos.

4. Os certificados de eficiencia enerxética serán considerados válidos exclusivamente se cumpren as seguintes condicións:

a. Están en vigor, é dicir, non se extinguiara o seu prazo de validez, nin foran substituídos por outro certificado.

b. Estar verificados por unha entidade de control de calidade da edificación, nos casos nos que sexa obrigatorio, dando esta a conformidade da cualificación e emitindo a acta de verificación.



c. Estar inscritos no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios de Galicia.

Artigo VI: Condicións xerais

1. De acordo co Real decreto 47/2007, do 19 de xaneiro, a cualificación enerxética da edificación quedará expresada, nos certificados de eficiencia enerxética de proxecto e edificio terminado, mediante o indicador enerxético (emisións anuais de CO₂, expresadas en kg por m² de superficie útil do edificio). O rango de valores dos indicadores enerxéticos subdivídese en grupos (do A ó E) que constitúen as diferentes clases de eficiencia.
2. A cualificación enerxética realizarase seguindo os procedementos establecidos no Real decreto 47/2007, do 19 de xaneiro, nos documentos recoñecidos de certificación enerxética de edificios e no exposto no Decreto 42/2009, do 21 de xaneiro.
3. Para a concesión da licenza municipal, o certificado de eficiencia enerxética de proxecto, debidamente rexistrado, deberá ser parte obrigatoriamente do proxecto de execución.
4. Cando o concello requira modificacións no proxecto de execución que non sexan substanciais ou non afecten elementos que incidan na eficiencia enerxética, non será precisa a emisión doutro certificado.
5. O certificado de eficiencia enerxética do edificio terminado, debidamente rexistrado, deberá ser obrigatoriamente anexado á documentación necesaria para a solicitude da licenza de primeira ocupación.
6. Non se concederá licenza de actividade ningunha ós locais ós que, séndolles esixible un certificado de eficiencia enerxética propio, non contén con este debidamente rexistrado.



7. Independentemente do disposto no capítulo IV do Decreto 42/2009, do 21 de xaneiro, no referente á eficiencia enerxética na edificación pública, esíxese que nos certificados de eficiencia enerxética, a cualificación enerxética do edificio obxecto, sexa tal que o seu indicador enerxético diminúa nun 20% o valor do indicador enerxético do edificio de referencia.

Artigo VII: Inspección

1. Os servizos técnicos municipais poderán realiza-las inspeccións para comproba-lo cumprimento das previsións desta ordenanza.
2. Unha vez comprobada a existencia de anomalías, o órgano municipal correspondente practicará os requirimentos que teñan lugar e, de se-lo caso, ditará as ordes de execución que correspondan para asegura-lo cumprimento desta ordenanza.

Artigo VIII: Suspensión de obras e actividades

1. A competencia para ordena-la revisión das licenzas e a suspensión das obras de edificios e usos neles, que se realicen ou executen incumprindo o establecido nesta ordenanza, correspóndelle ó alcalde.
2. Os órganos con competencia para intervir nos expedientes incoados e os procedementos aplicables serán os establecidos na lexislación urbanística e, subsidiariamente, na normativa sobre réxime local.

Artigo IX: Axudas (se se decide establecer axudas)

Para facilita-la aplicación desta ordenanza o concello aprobará anualmente unha liña de bonificacións para incentivar a propietarios ou promotores. Inicialmente, establécense x anos dende a entrada en vigor da ordenanza.



Nota: neste apartado existen varias posibilidades de actuación que non son excluíntes nin vinculantes unhas das outras, tal e como se especificou no apartado correspondente, cada concello podería establecer segundo os seus criterios, ou establece-la obrigatoriedade sen incentivos.

1ª.-Mediante incentivos ó seu desenvolvemento, como poden se-las medidas fiscais: a base normativa na que se pode apoiar esta medida é o Real decreto-lei 2/2003, do 25 de abril, de medidas de reforma económica e que afectan a todos ou a algún dos seguintes impostos, reducíndoos nun x % segundo o caso:

1.A. ICIO (impuesto sobre construcións, instalacións e obras). Por medio dunha ordenanza fiscal, de conformidade co que se dispón nos artigos 59.2 e 103.2 da Lei reguladora das facendas locais, aprobada por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, poderá regularse unha bonificación sobre a cota do imposto.

1.B. IBI (impuesto de bens inmoables) Por medio dunha ordenanza fiscal, de conformidade co que se dispón no art. 74.5 da Lei reguladora das facendas locais, aprobada por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, poderá regularse unha bonificación sobre a cota íntegra do imposto.

1.C. IAE (impuesto sobre actividades económicas) Por medio dunha ordenanza fiscal, de conformidade co que se dispón no art. 88.2 da Lei reguladora das facendas locais, aprobada por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, poderá regularse unha bonificación sobre a cota íntegra do imposto.

2ª.- Liña de axudas directas para facilita-la aplicación da ordenanza, subvencionando as actuacións que se pretenden levar a cabo coa ordenanza.

Artigo X. Responsables das infraccións

Responsables das infraccións, segundo as circunstancias concorrentes en cada caso son:

- O promotor da obra ou instalación.
- O propietario do inmoable afectado.
- O técnico autor do proxecto, o director de obra, o director de execución de obra, así como a empresa que realiza a instalación.
- O titular das actividades que se realicen nos edificios ou construcións.



Cando o incumprimento das obrigas establecidas nesta ordenanza corresponda a varias persoas conxuntamente, responderán solidariamente das infraccións que, se é o caso, se cometan e das sancións que se impoñan. Nos casos de persoas xurídicas, poderá esixírselles subsidiariamente a responsabilidade ós administradores daquelas nos supostos de extinción da súa personalidade xurídica e de acordo coa normativa vixente. Neste sentido, os que realicen unha actuación sobre parte dun quinteiro ou sobre parte dun edificio que comparta instalacións con outro edificio, ou sobre un local, terán a súa responsabilidade limitada a aquelas instalacións ou elementos relacionados coa dita actuación.

Artigo XI. Clasificación das infraccións e contía das sancións

Terán a consideración de infraccións administrativas tódalas accións ou omisións que sexan contrarias ás normas e preceptos desta ordenanza.

As infraccións que se clasifican en leves detállanse a continuación.

Será falta leve:

a) O incumprimento con carácter non grave, de calquera das prescricións da ordenanza.

Será falta grave:

a) A realización de tres infraccións leves nun ano.

b) O quebrantamento das ordes, debidamente notificadas, de cumprimento de normas.



c) O falseamento de certificados técnicos, auto-certificacións ou certificacións, salvo que o feito dea lugar a un proceso penal, sen prexuízo da nulidade administrativa que corresponda.

d) A falta de mantemento adecuado, cando supoña risco para as persoas ou bens.

Será falta moi grave realizar tres graves que supoñan risco para persoas ou bens nun ano.

Ás infraccións antes definidas corresponderánlle-las seguintes sancións:

a) As infraccións leves serán sancionadas con multas de ata 3.000 euros.

b) As infraccións graves serán sancionadas con multas de ata 20.000 euros.

c) As infraccións moi graves serán sancionadas con multas de ata 30.000 euros.

A gradación das multas realizarase tendo en conta, os seguintes aspectos concretos:

a) A alteración causada pola infracción.

b) A reincidencia na comisión de infraccións da mesma natureza declarada con resolución firme.

c) O nivel de intencionalidade.

d) O beneficio económico obtido da infracción.

e) A reincidencia na comisión de faltas.



Artigo XII. Procedemento.

O procedemento sancionador será o establecido na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

As especificacións establecidas nesta ordenanza non serán de aplicación naqueles expedientes que se encontren en tramitación para a licenza correspondente na data da súa entrada en vigor, nin tampouco ás obras ou instalacións executadas e en funcionamento de acordo con proxectos ou memorias técnicas visadas ou autorizadas conforme á lexislación e normativa vixente con anterioridade á entrada en vigor desta ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez sexa publicada completamente no Boletín Oficial da Provincia, e transcorra o prazo de quince días indicado nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.



III.2. ORDENANZA MUNICIPAL TIPO 2. MELLORA DA ENVOLVENTE TÉRMICA, DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DE CALDEIRAS E SISTEMAS DE CLIMATIZACIÓN E DA CONTRIBUCIÓN DE ENERXÍA SOLAR

Exposición de motivos

O reto da sostibilidade esixe a tódolos axentes sociais un compromiso que contribúa ó avance na sensibilización social. Os concellos teñen capacidade de liderado para promover procesos de cambio nos modos de utilización da enerxía dende a perspectiva da sostibilidade e do respecto ambiental e, por isto, promoveuse a elaboración desta ordenanza.

A enerxía é un recurso escaso e valioso que utilizamos todos a diario nas distintas actividades que desenvolvemos. Consumimos enerxía para transporte, para obter forza motriz para os procesos produtivos ou para alcanza-lo nivel de confort e calidade, térmico e lumínico, requirido nas nosas vivendas e lugares de traballo.

A demanda enerxética crece cada ano, cuantitativa e cualitativamente, e o aumento da dispoñibilidade de enerxía que comporta implica sempre un significativo impacto ambiental que se produce, tanto a escala local como global: o calentamento do planeta, o cambio climático, a desertización, as inundacións, os residuos, as emisións contaminantes, son problemas que nos afectan a todos. Parece inviable evitar totalmente os impactos ambientais, pero si podemos e debemos minimizalos significativamente promovendo o aforro enerxético, a utilización de tecnoloxías e sistemas cada vez máis eficientes e substituíndo na medida do posible as fontes de produción convencionais por enerxías renovables.

A Directiva 2002/91/CE, relativa á eficiencia enerxética dos edificios, supuxo un importante punto de inflexión neste campo, ó introducir requisitos mínimos de eficiencia enerxética e certificación enerxética de edificios.



A súa transposición á normativa de edificación levouse a cabo mediante tres reais decretos: o Código técnico da edificación (CTE), aprobado polo Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, modificado polo Real decreto 1371/2007, do 19 de outubro, a revisión do Regulamento de instalacións térmicas da edificación (RITE), aprobado polo Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, e a certificación enerxética dos edificios, aprobado polo Real decreto 47/2007, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o Procedemento básico para a certificación de eficiencia enerxética de edificios de nova construción. O Decreto 42/2009, do 21 de xaneiro, regula a certificación enerxética de edificios de nova construción na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde 03/09/2009 desenvolve o procedemento, a organización e o funcionamento do Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia. ORDE ITC/71/2007, do 22 de xaneiro, pola que se modifica o anexo da Orde do 28 de xullo de 1980, pola que se aproban as normas e instrucións técnicas complementarias para a homologación de paneis solares.

Coa entrada en vigor do Protocolo de Kyoto, España adquiriu un compromiso internacional para a limitación dos gases de efecto invernadoiro (GEI) de modo que o termo medio de emisións destes no período 2008-2012 non deberá superar en máis dun 15% as do ano base, 1990.

As administracións públicas realizaron importantes esforzos encamiñados a lograr un uso máis racional da enerxía. Ademais de contribuír á protección do ambiente, as accións en materia do aforro, a diversificación e o uso eficiente da enerxía representan un modo eficaz de reduci-los custos enerxéticos nos nosos edificios, sen diminuí-lo nivel de confort.

A normativa vixente en España antes citada enmárcase no plan de acción da estratexia de aforro e eficiencia enerxética, e no desenvolvemento da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, e ten como fin garanti-la seguridade das persoas, o benestar da sociedade, a sostibilidade da edificación e a protección do ambiente e supón a modernización do marco normativo da



edificación en España e implica-la homologación do noso país cos países máis avanzados atendendo ós obxectivos da Unión Europea (UE) nesta materia.

O V Programa de acción das Comunidades Europeas en materia de ambiente cara a un desenvolvemento sostible constata, na súa declaración de principios, que moitas das formas actuais de actividade e desenvolvemento non son sostibles dende un punto de vista ambiental. Apróbase o obxectivo xeral de orientar progresivamente a actividade humana e o desenvolvemento cara a formas sostibles, aceptando que a súa consecución presupón cambiar de forma significativa as pautas de desenvolvemento de produción, consumo e comportamento.

En España está vixente o Plan de aforro e eficiencia enerxética 2008-2011, aprobado por Consello de Ministros en novembro de 2008, polo que se pretende aforra-lo equivalente ó 10 por 100 das importacións de petróleo de España.

Para a consecución dalgúns dos obxectivos presentados en toda esta planificación, é preciso a intervención dos concellos que, no exercicio das súas competencias e como resultado do seu maior achegamento e coñecemento da realidade cidadá, promovan, no ámbito das súas competencias, a utilización eficiente da enerxía, por medio de ordenanzas municipais e plans urbanísticos. É vontade política do Concello de ----- comprometerse a desenvolver unha estratexia encamiñada a conseguir mellora-la eficiencia das edificacións e impulsa-la construción máis sostible.

Unha vez considerado o actual marco normativo, o Concello de --
----- con base nos artigos 4.1.a), 25.1, 25.2, 25.3 e 84.1.a), da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime laboral (LRBRL), elaborou esta ordenanza co obxecto de contribuír responsablemente no cumprimento dos obxectivos establecidos.



Esta ordenanza trata de unir esforzos para mellora-la situación enerxética do concello, así como a protección ambiental, e xorde do compromiso de avanzar no crecemento socioeconómico do concello, con criterios de sostibilidade.

Artigo I: Obxecto

O obxecto desta ordenanza é regular, co fin de mellora-lo ambiente, a transmitancia térmica da envolvente dos edificios, a eficiencia dos sistemas de climatización e a contribución da enerxía solar nas construcións, para diminuí-las emisións contaminantes á atmosfera e mellora-la súa eficiencia enerxética, todo isto de acordo cos acordos internacionais de obrigado cumprimento, como é o Protocolo de Kyoto. Deste modo, garántese a consecución dunha mellora substancial do sistema enerxético no concello, garantindo que a eficiencia de instalacións de acondicionamento térmico, sen menoscabo das condicións de confort e calidade do aire e mellorando así a calidade de vida dos cidadáns, sempre baixo o criterio da sostibilidade, no termo municipal de -----

Artigo II: Finalidade

A finalidade desta ordenanza é:

1. Reduci-lo consumo de combustibles fósiles e/ou enerxía eléctrica, incrementando o uso de enerxías renovables e, polo tanto, reducindo as emisións de gases de efecto invernadoiro.
2. Reducir a límites sostibles as necesidades enerxéticas para calefacción, climatización, produción de auga quente sanitaria (ACS) e auga quente para piscinas ou outros servizos, sen menoscaba-lo grao de confort dos usuarios ou a calidade da prestación final e sen que isto supoña incremento do investimento económico que faga inviable a actuación. As limitacións ó obrigado cumprimento recóllense no artigo correspondente.



3. Promover e fomentar un maior aforro enerxético e un uso máis eficiente da enerxía.

4. Potenciar e incentivar a implantación a nivel local de sistemas de alta eficiencia enerxética na xeración de auga quente sanitaria, calefacción e refrixeración e do uso de enerxías renovables, especialmente a enerxía solar térmica para ACS e quentamento de piscinas.

5. Para conseguilo, regúlase a incorporación obrigatoria de sistemas de captación e utilización de enerxía solar térmica de media ou baixa temperatura para a produción de ACS nos edificios e construcións de nova planta ou reformadas no termo municipal de ----- . Tamén se definen uns requisitos mínimos de transmitancia térmica na envolvente da edificación e determínanse os rendementos mínimos de caldeiras e sistemas de refrixeración.

Artigo III: Ámbito

Esta ordenanza seralles de aplicación ós edificios no ámbito do concello, cando se trate de:

- a. Edificios de nova construción.
- b. Modificacións, reformas ou rehabilitacións de edificios existentes, cunha superficie útil superior a 1.000 m² onde se renove máis do 25% do total dos seus cerramentos.

Exclúense do ámbito de aplicación:

- a. Aquelas edificacións que polas súas características de utilización deban permanecer abertas.



- b. Edificios e monumentos protexidos por ser parte dun contorno declarado ou en razón do seu particular valor arquitectónico ou histórico, cando o cumprimento de tales esixencias poidan alterar de forma inaceptable o seu carácter ou aspecto.
- c. Edificios utilizados como lugares de culto e para actividades relixiosas.
- d. Construcións provisionais cun prazo previsto de utilización igual ou inferior a dous anos.
- e. Edificios industriais e agrícolas, na parte destinada a talleres, procesos industriais e agrícolas non residenciais.
- f. Edificios illados cunha superficie total inferior a 50 m² útiles.
- g. Edificios de sinxeleza técnica e de escasa entidade construtiva que non teñan carácter residencial ou público, xa sexa de forma eventual ou permanente, que se desenvolvan nunha soa planta e non afecten á seguridade das persoas.

Artigo IV: Obrigas dos suxeitos responsables

1. As normas expresadas nesta ordenanza serán de obrigado cumprimento para os promotores, públicos ou privados, proxectistas e directores facultativos, que realicen todo tipo de edificios enmarcados dentro do seu ámbito de aplicación.
2. O proxectista do edificio ou do proxecto parcial das súas instalacións térmicas terá a obriga, en anexo específico, de xustifica-lo cumprimento desta ordenanza.
3. A dirección facultativa terá a obriga de, no certificado final de obra, xustificar, en anexo específico, o cumprimento desta ordenanza.
4. Na solicitude da licenza de obras deberá achega-lo proxecto básico da instalación de xeración de auga quente sanitaria, calefacción e refrixeración así como da instalación de captación e utilización de enerxía solar, cos cálculos analíticos correspondentes para xustifica-lo



cumprimento desta ordenanza. No caso de que segundo a normativa vixente, neste caso o RITE, a instalación non necesite proxecto, este substituirase pola documentación presentada polo instalador, coas condicións que determina a instrución técnica 07 do dito regulamento, debendo igualmente quedar xustificado na memoria correspondente o cálculo do cumprimento desta norma.

5. A solicitude de licenza de primeira ocupación, funcionamento, apertura ou licenza equivalente deberá incluí-la presentación dun certificado de que a instalación foi realizada conforme ó proxecto, segundo modelo do apéndice 06.1 do RITE, emitido por técnico competente.

6. O titular da actividade, o propietario individual e/ou a comunidade de propietarios que estean dotados de sistemas de xeración de auga quente sanitaria, calefacción e refrixeración e/ou sistemas de captación e utilización de enerxía solar térmica para a produción de auga quente sanitaria e/ou quentamento de auga de piscina, tanto se se trata de instalacións propias como compartidas, están obrigados á súa utilización e a face-las operacións de mantemento e as reparacións necesarias para mante-la instalación en perfecto estado de funcionamento e eficiencia, de maneira que o sistema opere adecuadamente de acordo coas prestacións definidas no proxecto e as instrucións de uso e mantemento apropiados.

Segundo establece o Regulamento de instalacións térmicas nos edificios, tódalas instalacións terán que ser revisadas por entidades debidamente autorizadas.

Artigo V: Transmitancia térmica da envolvente

1. A comprobación do cumprimento da esixencia básica da limitación de demanda enerxética realizarase de acordo co indicado en Documento básico AE aforro de enerxía, esixencia básica AE 1: limitación de demanda enerxética, do Código técnico da edificación, agás no expresado nesta ordenanza.



2. Para a xustificación do cumprimento da esixencia básica AE 1: limitación de demanda enerxética, os valores límite dos parámetros característicos da envolvente térmica, en función da zona climática, deben ser substituídos polos seguintes:

	ELEMENTO	ZONA CLIMÁTICA				
		A	B	C	D	E
U máx. PARTE OPACA W/m²K	FACHADAS	0,65	0,51	0,40	0,35	0,33
	CUBERTAS	0,53	0,51	0,40	0,35	0,33
	SOLOS	0,50	0,45	0,40	0,35	0,33
U máx. OCOS W/m²K	MARCOS	2,20		1,80		
	VIDROS	2,70		2,30		
FACTOR SOLAR máx.	VIDROS	0,75		0,70		

Artigo VI: Eficiencia enerxética de caldeiras e equipos de climatización

1.-As edificacións afectadas pola ordenanza utilizarán preferentemente sistemas centralizados de calefacción e auga quente sanitaria, debendo ter contadores de consumo individualizados. Este punto será obrigatorio en desenvolvementos urbanísticos de máis de xx vivendas. Por outra parte, en fases posteriores unha vez avaliando o potencial do sector, estableceranse os mecanismos de promoción do uso da coxeración e trixeración en vivendas.

2.- As caldeiras de combustible convencional das edificacións afectadas por esta ordenanza deberán ter, como mínimo, un rendemento a carga nominal do xx %. Segundo a potencia da caldeira estableceranse obxectivos concretos tal e como se indica na táboa correspondente.

Mentres non se publique a normativa que permita determina-las categorías enerxéticas das caldeiras, utilizaranse as referencias de rendemento mínimo establecido na clasificación do Real decreto 275/1995 (cualificación derogada para cumprir cunha directiva europea tal e como recolle o Real decreto 1369/2007), tendo en conta que o RITE elimina a partir do 2010 as caldeiras das categorías * e para o 2012 as de **, polo que se aumentan as exixencias mínimas para este tipo de instalacións.

Tipo de Combustible	Funcionamento	Rendemento segundo a potencia nominal mínimo (%)			
		10 kW	50 kW	100 kW	400 kW
Gas natural GLP gasóleo	Carga total e Tª media de 70ª C	X1 (%)	X2 (%)	X3 (%)	X4 (%)
	Carga parcial 30% Pn e Tª media > 50ª C	Y1 (%)	Y2 (%)	Y3 (%)	Y4 (%)

3.- Os sistemas de refrixeración das edificacións afectadas por esta ordenanza deberán ter, como mínimo, un coeficiente de eficacia frigorífica (EER) de:

Tipo de combustible	EER mínimo	EER ordenanza
Split & multi	2,2	2,2*1,2
Compactos	2,0	2,0*1,2
Portátiles	1,6	1,6*1,2

Nota: neste caso seleccionouse o criterio 2 dos marcados no apartado 3.1.2 Aspectos técnicos ordenanza tipo 2. Eficiencia enerxética en caldeiras e sistemas de climatización con incrementos do 20% que poderá ser substituído polo criterio 1 (Etiquetado enerxético).



Se os equipos dispoñen da dobre función de xeración de calor e frío, deben te-la dobre cualificación.

Artigo VII: Contribución de enerxía solar térmica

Nota: neste caso seleccionouse o esquema 1 dos marcados no apartado 3 .1.2 Aspectos técnicos ordenanza tipo 2. Renovables, que poderá ser substituído polo esquema 2 (Porcentaxe adicional ó requirido no CTE).

1. A contribución de enerxía solar térmica para auga quente sanitaria será a que no CTE se asigna á zona climática de grao inmediatamente superior.

CONTRIBUCIÓN ENERXÍA SOLAR TÉRMICA A ACS. ESQUEMA 1	
CTE	CONTRIBUCIÓN ORDENANZA
Concellos de zona climática I	Contribución zona climática II
Concellos de zona climática II	Contribución zona climática III
Concellos de zona climática III	Contribución zona climática IV

2. A contribución mínima de enerxía solar térmica para instalacións de quentamento da auga dos vasos de piscinas cubertas climatizadas será do 40%. O quentamento de piscinas descubertas só se poderá realizar con sistemas de aproveitamento da enerxía solar, ou calquera outra enerxía renovable.

A aplicación desta ordenanza en ningún caso exime do das disposicións contidas no Regulamento de instalacións térmicas nos edificios, o Código técnico da edificación (Documento básico AE 2 e 4) Instrucións técnicas I.T.1, I.T.2, I.T.3, I.T.4, e outras disposicións legais vixentes que sexan de aplicación, en especial aquelas que fan referencia á prevención e control da lexionelose, así como as garantías fixadas pola Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios (texto refundido aprobado por Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro).



3. Na aplicación desta ordenanza utilizaranse as tecnoloxías máis adecuadas a cada caso dispoñibles no mercado. O concello interpretará as previsións técnicas desta ordenanza conforme ós cambios tecnolóxicos que se poidan producir.

4. Nas instalacións, unicamente se poderán utilizar captadores solares que dispoñan da certificación emitida por un organismo competente, segundo a regulamentación vixente sobre certificación e homologación de captadores solares.

5. Nos edificios de vivendas afectados por esta ordenanza terase que preve-la instalación de equipos electrodomésticos bitérmicos (tomas de auga fría e quente), tanto para a lavadora, como para o lavalouzas. Non se permitirá a conexión de ningún sistema de xeración auxiliar no acumulador solar. Terase que preve-la instalación dun sistema de disipación térmica de acordo co establecido no vixente Código técnico da edificación.

6. Poderase reducir xustificadamente esta achega solar, aínda que tratando de aproximarse o máximo posible, nos seguintes casos:

a) Cando se cubra a dita porcentaxe de achega en combinación con equipos que permitan o aproveitamento de enerxías renovables ou residuais procedentes de instalacións térmicas.

b) Cando o emprazamento non conte con suficiente acceso ó sol por barreiras externas a este.

c) Para o caso de edificios rehabilitados, cando existan graves limitacións arquitectónicas derivadas da configuración previa.

Artigo VIII: Protección da paisaxe urbana

1. Nas instalacións reguladas por esta ordenanza, terán que observarse as prescricións da normativa urbanística xeral co obxecto de impedi-la deformación da perspectiva da paisaxe ou a rotura da harmonía paisaxística ou arquitectónica e conseguir, tamén, a preservación e



protección dos edificios, conxuntos, contornos e paisaxes, incluídos nos correspondentes catálogos ou plans urbanísticos de protección do patrimonio.

2. O concello verificará a adecuación das instalacións á normativa urbanística.

3. Na configuración da instalación solar, evítanse os reflexos que poidan molestar ós residentes dos edificios veciños.

Artigo IX: Condicións xerais

1. Para a concesión da licenza municipal, a xustificación do cumprimento desta ordenanza, deberá formar parte obrigatoriamente do proxecto de execución.

2. A xustificación desta ordenanza do edificio terminado, debidamente rexistrado, deberá ser obrigatoriamente anexado á documentación necesaria para a solicitude da licenza de primeira ocupación.

3. Non se concederá ningunha licenza de actividade a locais que, sendo necesario, non contén coa xustificación do cumprimento desta ordenanza.

Artigo X: Inspección

1. Os servizos técnicos municipais poderán realiza-las inspeccións para comproba-lo cumprimento das previsións desta ordenanza.

2. Unha vez comprobada a existencia de anomalías, o órgano municipal correspondente practicará os requirimentos que teñan lugar e, de se-lo caso, ditará as ordes de execución que correspondan para asegura-lo cumprimento desta ordenanza.



Artigo XI: Suspensión de obras e actividades

1. A competencia para ordena-la revisión das licenzas e a suspensión das obras de edificios e usos neles, que se realicen ou executen incumprindo o establecido nesta ordenanza, correspóndelle ó alcalde.

2. Os órganos con competencia para intervir nos expedientes incoados e os procedementos aplicables serán os establecidos na lexislación urbanística e, subsidiariamente, na normativa sobre réxime local.

Artigo XII: Axudas (se se decide establecer axudas)

Para facilita-la aplicación desta ordenanza o concello aprobará anualmente unha liña de bonificacións para incentivar a propietarios ou promotores. Inicialmente establécense x anos dende a entrada en vigor da ordenanza.

Nota: neste apartado existen varias posibilidades de actuación que non son excluíntes nin vinculantes unhas das outras, tal e como se especificou no apartado correspondente, que cada concello podería establecer segundo os seus criterios, ou establece-la obrigatoriedade sen incentivos. Poderanse establecer axudas ou incentivos destinados a outros aspectos de aforro enerxético descritos no apartado 3.3.

1ª.-Mediante incentivos ó seu desenvolvemento, como poden se-las medidas fiscais: a base normativa na que se pode apoiar esta medida e o Real decreto-lei 2/2003, do 25 de abril, de medidas de reforma económica e que afectan a todos ou a algún dos seguintes impostos, reducíndoos nun x % segundo o caso:

1.A. ICIO (impuesto sobre construcións, instalacións e obras). Por medio dunha ordenanza fiscal, de conformidade co que se dispón nos artigos 59.2 e 103.2 da Lei reguladora das facendas locais, aprobada por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, poderá regularse unha bonificación sobre a cota do imposto.

1.B. IBI (impuesto de bens inmobles) Por medio dunha ordenanza fiscal, de conformidade co que se dispón no art. 74.5 da Lei reguladora das facendas locais, aprobada por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, poderá regularse unha bonificación sobre a cota íntegra do imposto.

1.C. IAE (impuesto sobre actividades económicas) Por medio dunha ordenanza fiscal, de conformidade co que se dispón no art. 88.2 da Lei reguladora das facendas locais, aprobada por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, poderá regularse unha bonificación sobre a cota íntegra do imposto.



2ª.- Liña de axudas directas para facilita-la aplicación da ordenanza, subvencionando as actuacións que se pretenden levar a cabo coa ordenanza.

Artigo XIII. Responsables das infraccións

Responsables das infraccións, segundo as circunstancias concorrentes en cada caso son:

- O promotor da obra ou instalación.
- O propietario do inmovible afectado.
- O técnico autor do proxecto, o director de obra, o director de execución de obra, así como a empresa que realiza a instalación.
- O titular das actividades que se realicen nos edificios ou construcións.

Cando o incumprimento das obrigas establecidas nesta ordenanza corresponda a varias persoas conxuntamente, responderán solidariamente das infraccións que, de se-lo caso, se cometan e das sancións que se impoñan. Nos casos de persoas xurídicas, poderá esixirse subsidiariamente a responsabilidade ós administradores daquelas nos supostos de extinción da súa personalidade xurídica e de acordo coa normativa vixente. Neste sentido, os que realicen unha actuación sobre parte dun quinteiro ou sobre parte dun edificio que comparta instalacións con outro edificio, ou sobre un local, terán a súa responsabilidade limitada a aquelas instalacións ou elementos relacionados coa dita actuación.

Artigo XIV. Clasificación das infraccións e contía das sancións

Terán a consideración de infraccións administrativas tódalas accións ou omisións que sexan contrarias ás normas e preceptos desta ordenanza.

As infraccións que se clasifican como leves detállanse a continuación.



Será falta leve:

- a) O incumplimento con carácter non grave, de calquera das prescricións da ordenanza.

Será falta grave:

- a) A realización de tres infraccións leves nun ano.
- b) O quebrantamento das ordes, debidamente notificadas, de cumprimento de normas.
- c) O falseamento de certificados técnicos, auto-certificacións ou certificacións, salvo que o feito dea lugar a un proceso penal, sen prexuízo da nulidade administrativa que corresponda.

Será falta moi grave realizar tres graves que supoñan risco para persoas ou bens nun ano.

Ás infraccións antes definidas corresponderánlle-las seguintes sancións:

- a) As infraccións leves serán sancionadas con multas de ata 3.000 euros.
- b) As infraccións graves serán sancionadas con multas de ata 20.000 euros.
- c) As infraccións moi graves serán sancionadas con multas de ata 30.000 euros.

A gradación das multas realizarase tendo en conta os seguintes aspectos concretos:

- a) A alteración causada pola infracción.
- b) A reincidencia na comisión de infraccións da mesma natureza declarada con resolución firme.
- c) O nivel de intencionalidade.
- d) O beneficio económico obtido da infracción.

e) A reincidencia na comisión de faltas.

Artigo XV. Procedemento

O procedemento sancionador será o establecido na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

As especificacións establecidas nesta ordenanza non serán de aplicación naqueles expedientes que se encontren en tramitación para a licenza correspondente na data da súa entrada en vigor, nin tampouco ás obras ou instalacións executadas e en funcionamento de acordo con proxectos ou memorias técnicas visadas ou autorizadas conforme á lexislación e normativa vixente con anterioridade á entrada en vigor desta ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez sexa publicada completamente no Boletín Oficial da Provincia, e transcorra o prazo de quince días indicado nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.